# sector público e benestar social


- comunidade autónoma
- cobertura e financiamento
- prestacións económicas
- prestacións sanitarias e sociais
- educación
- outros indicadores

# 4.1. comunidade autónoma

Os presupostos da Comunidade Autónoma do ano 2002 ten como referencia, respecto á planificación de obxectivos e liñas de actuación, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) para o período 2000-2006, que inclúe a formulación da estratexia operativa por eixes do PDR 2000-2006.

No ámbito dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2002 intégranse os presupostos da súa Administración Xeral, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas (Entes Públicos e Sociedades Mercantís).

Os presupostos do ano 2002 incrementan a estructura orgánica da Administración Xeral coa creación das Consellerías de Asuntos Sociais e de Emigración e Cooperación Exterior, que asumen competencias localizadas no ano anterior nas Consellerías de Sanidade e de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, respectivamente.

Entre os entes públicos figura por primeira vez a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, adscrita á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. O organismo autónomo Augas de Galicia pasa a depender da Consellería de Medio Ambiente. (**cadro 4.1.1.**).

## O sistema financeiro

No ano 2002 aplícase un novo modelo financeiro que ten como marco normativo a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, LOFCA, modificada pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro. A Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión adecua-lo contido da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia ó novo réxime xeral de tributos cedidos que se recollen na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e as cidades con estatuto de autonomía. Este marco normativo supón un acordo en torno a un sistema de financiamento estable.

CADRO 4.1.1.

***Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2002***

| Administración Xeral | Administración Institucional | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Organismos Autónomos | | Sociedades Públicas | |
| **Seccións** | **Administrativos** | **Comerciais, industriais e financeiros** | **Entes públicos** | **Sociedades mercantís** |
| **Parlamento**<br>**Consello de Contas**<br>**Consello da Cultura Galega** | | | | |
| **Presidencia, Relacións Institucionais e Admón. Pública** | EGAP | | | S.A. de Desenvolvemento Comarcal<br>S.A. Centro Supercomput. de Galicia |
| **Economía e Facenda** | IGE | | CES<br>IGAPE<br>CIXTEC | CEEI Galicia, S.A<br>SODIGA<br>SPI Galicia S.A.<br>XES Galicia S.A |
| **Política Territorial, O.P. e Vivenda** | | IGVS | Portos de Galicia<br>Obras e Serv. Hidraúlicos | Xestur Coruña, S.A.<br>Xestur Lugo, S.A.<br>Xestur Ourense, S.A.<br>Xestur Pontevedra, S.A. |
| **Educación e Ord. Universitaria** | | | | |
| **Industria e Comercio** | IGC | | Instituto Enerxético de Galicia | Galicia Calidade, S.A. |
| **Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural** | | ILGGA | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | Xenética Fontao, S.A. |
| **Cultura, Comunicación Social e Turismo** | | IGAEM | CRTVG<br>F. Cidade da Cultura de Galicia | TVG,S.A.<br>RTVG, S.A.<br>S.A. Xestión Xacobeo<br>S.I.P.T.-Galicia S.A<br>Retegal, S.A |
| **Sanidade** | Sergas | | Hospital de Verín<br>I.G. Oftalmoloxía<br>Hospital Virxe da Xunqueira<br>Hospital A Barbanza<br>Escola Galega de Admón. Sanitaria<br>F.P.G.I. Saúde<br>F.P. Urxencias Sanit. Galicia<br>F.P. H.C. Do Salnés | Medtec, S.A. |
| **Pesca e Asuntos Marítimos** | | | | |
| **Xustiza, Interior e Relacións Laborais** | AGS | | | |
| **Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude** | SGPIHM | | | |
| **Medio Ambiente** | Augas de Galicia | | | Sogama, S.A. |
| **Asuntos Sociais** | | | | |
| **Emigración e Coop. Exterior** | | | | |
| **Consello Consultivo de Galicia** | | | | |
| **Transferencias a CC.LL.**<br>**Débeda Pública**<br>**Gastos diversas Consellerías** | | | | |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

A principal achega do novo sistema, con respecto ó modelo anterior, respecto ás **necesidades de gasto**, é a integración de tódolos servicios e a estabilidade que esta integración proporciona. Tódalas necesidades de gasto quedan agora determinadas pola suma das necesidades totais de financiamento, no ano base 1999, dos bloques de competencias comúns (incluída a educación), competencias en sanidade e competencias en Imserso. As variables e ponderacións que se utilizan no reparto dos recursos son diferentes en cada uno de estes grupos de competencias.

No **bloque de competencias comúns** ás necesidades de gasto se determinan con tres fondos diferentes:

1.- O fondo xeral, que se reparte en función das seguintes variables: o 94% se distribúe en función da poboación; o 4,2% se reparte en función da superficie; o 1,2% en función da dispersión da poboación, que provoca un maior custo dos servicios para a provisión dos mesmos; o 0,6% restante se asigna directamente ás illas, en función da distancia que exista entre estas e a costa peninsular más próxima.

2.- O fondo de renda relativa, que se outorga soamente a aquelas Comunidades Autónomas que a súa participación na poboación total supera a súa achega ó valor engadido bruto nacional.

3.- O fondo para situacións excepcionais que se dan en Comunidades Autónomas con densidade de poboación escasa, de acordo co seu tamaño (inferior a 27 habitantes por quilómetro cadrado).

No **bloque de competencias en sanidade**, o fondo xeral se distribúe en función de tres variables básicas para a prestación de este servicio: a poboación protexida por el Sistema Nacional de Sanidade, cun peso do 75%; a poboación maior de 65 años, que determina o reparto do 24,5% do fondo, e a insularidade, que asigna un 0,5% deste fondo ás illas, das que necesidades sanitarias se ven acentuadas pola súa especial situación.

O **bloque de competencias de servicios sociais** determina as súas necesidades, en función da poboación maior de 65 años, por se-la principal usuaria deste servicio.

Establécense unha serie de **modulacións no bloque de competencias comúns** que facilitan un crecemento homoxéneo do financiamento, respectando o principio de neutralidade, de maneira que ningunha Comunidade Autónoma perda recursos como consecuencia desta nova asignación:

1.- Ningunha Comunidade Autónoma poderá incrementa-lo seu financiamento en máis do 25% da media no ano base do novo sistema.

2.- Na prestación da sanidade, enmarcada dentro das presentacións da Seguridade Social, para seguir garantindo unha dotación equitativa en todo o territorio, do conxunto de recursos que reciban, as Comunidades Autónomas estarán obrigadas a dotar á sanidade, como mínimo, a cantidade que resulte da aplicación dos índices de necesidade, e incrementala cada ano en unha contía igual o que se incrementan os ingresos tributarios do Estado. No caso de que a evolución destas sexa inferior ó PIB nominal a prezos de mercado ó longo dos tres primeiros anos as Comunidades Autónomas terán garantida a súa evolución, en función deste índice.

3.- O financiamento dos servicios sociais, do Imserso, que tamén permanece ligado á Seguridade Social, se garantir un incremento destas presentacións sociais igual ó dos ingresos do Estado.

A principal novidade respecto ás **fontes de financiamento** reside no incremento da autonomía financeira e da corresponsabilidade da Comunidade Autónoma, que significa un aumento dos recursos autónomos dende o 49% ó 68% dos ingresos totais da Comunidade Autónoma, un aumento da súa capacidade normativa, reducindo as diferencias entre o réxime común e réxime foral. A Comunidade Autónoma conta con unha serie de recursos que destina a financiar todo o bloque de competencias e outros que seguen mantendo un carácter condicionado á realización de determinadas obras ou á prestación de determinados servicios.

Dúas son as principais achegas que experimenta o financiamento do conxunto de competencias: un incremento na súa contía e unha composición máis variada das fontes de financiamento. A Comunidade Autónoma conta, a partir de xaneiro do ano 2002, con tres grandes recursos financeiros: os tributos cedidos, os novos tributos, que pasan en todo ou en parte á Comunidade Autónoma, e o Fondo de Suficiencia, que complementa as necesidades de financiamento de cada Comunidade.

Aínda que a cesión máis importante é a de novos tributos, os tributos que agora ten cedidos a Comunidade Autónoma incrementan a súa capacidade normativa ata o máximo, cos límites precisos para seguir conservando a categoría de tributo cedido.

Tanto no Imposto sobre Sucesións e Donacións como no imposto sobre o Patrimonio, a Comunidade Autónoma asume a totalidade da capacidade normativa sobre súas tarifas. A súa vez, pode establece-lo mínimo exento, as reduccións da base impoñible e as bonificacións e deduccións. No caso do Imposto sobre Sucesións e Donacións, o único requisito para modifica-la tarifa é que se respecten os mesmos grupos de parentesco que na lexislación estatal.

No Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, a Comunidade Autónoma amplía as súas competencias normativas sobre o tipo de gravames, a xestión e a recadación e poden tamén establecer libremente as deduccións e bonificacións que considere oportunas.

No Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas se incrementa a capacidade normativa ademais de incrementarse os ingresos procedentes de este imposto ata acada-lo 33%. A dita porcentaxe substitúe a suma do actual 15 máis a participación no 15% da cota líquida. A Comunidade Autónoma asume total capacidade normativa para subir ou baixa-los tipos impositivos da súa tarifa sempre que se cumpran dous requisitos: que esta tarifa siga sendo progresiva e que teñan o mesmo número de tramos que a tarifa estatal. A Comunidade conserva tamén a capacidade para establece-las deduccións que consideren oportunas neste imposto. Cómpre destaca-la capacidade normativa na deducción en vivenda: do 15% que supón esta deducción, o 10% será estatal e o 5% autonómico. A Comunidade Autónoma poderá elevar ou reduci-la súa porcentaxe nun 50 %.

A novidade principal do novo sistema é a incorporación do Imposto sobre o Valor Engadido e dos impostos especiais como fonte de financiamento das mesmas. Desta maneira conséguese unha cesta de recursos máis variada e ó mesmo tempo máis estable, xa que evolucionan de maneira máis parella ó conxunto de ingresos do Estado.

Respecto do IVE, se cede a Comunidade Autónoma o 35%, aínda que, por esixencias da harmonización europea, a capacidade normativa mantense en mans da Administración Central do Estado.

Dado que a recadación deste imposto é moi irregular no territorio estatal, xa que depende máis do domicilio das empresas que dos verdadeiros consumidores, repártese o 35% do IVE entre as Comunidades Autónomas en función dun índice de consumo territorializado, especialmente elaborado polo Instituto Nacional de Estatística.

Dentro dos impostos especiais nos encontramos con dous tipos diferentes: os que se establecen na fase de fabricación e están sometidos a un proceso de harmonización fiscal europea, entre os que se encontra o imposto sobre la cervexa, o vino e bebidas fermentadas; o imposto sobre productos intermedios; o imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas; o imposto sobre hidrocarburos e o imposto sobre as labores do tabaco. Nestes impostos, cédese o 40% da recadación pero a capacidade normativa queda reservada en mans da Administración Central do Estado.

No concernente á outra categoría de tributos, os indirectos que non están sometidos a harmonización fiscal —como é o caso do imposto sobre a electricidade e o imposto sobre determinados medios de transporte—, se produciu unha cesión do cen por cen da súa recadación á Comunidade Autónoma.

O bloque de recursos proveniente do Estado compleméntase cun **Fondo de Suficiencia**, cunha función equilibradora e solidaria, coa misión de cubri-la diferencia entre as necesidades de gasto dos tres bloques de competencias da Comunidade Autónoma e os recursos financeiros obtidos polos tributos cedidos. Dada a súa función complementaria, a evolución deste fondo se suxeita á evolución dos ingresos tributarios do Estado, que se correspondería agora coa parte non cedida do IRPF, do IVE e dos impostos especiais.

Os **instrumentos de carácter condicionado** para atender situacións especiais que pretenden dar cumprimento o artigo 15 de la LOFCA en cuanto á nivelación dos servicios básicos, son:

• As **Asignacións de Nivelación** que intentan cubrir aquelas situacións extraordinarias que se podan dar na prestación dos servicios de educación e sanidade. En educación, tómanse como indicadores o número de alumnos e en sanidade, a poboación protexida. Cando se produza unha desviación de dous puntos á alza ou á baixa con respecto o estándar estatal se negociará a aplicación deste fondo para cubrir este desaxuste puntual.

• O **Fondo Específico de Cohesión e Desprazados** que quedará a disposición do

Ministerio de Sanidade; a súa función será cubrila diferencia de custo pola atención a desprazados entre Comunidades Autónomas o do estranxeiro e realizar unha política sanitaria global que garanta a equidade de tódolos españois á hora de acceder a estes servicios e que facilite, así mesmo, a coordinación e a cooperación necesaria entre os diferentes servicios autonómicos de saúde.

• O **Programa de aforro en Incapacidade Temporal**, xestionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

• O **Fondo de Compensación Interterritorial**, que é un fondo de finalidade investidora como instrumento destinado a fomentar un desenvolvemento equilibrado das rexións, no que se introducen as seguintes modificacións: a posibilidade de dedicar ata o 25% dos recursos asignados a cada Comunidade Autónoma ó financiamento dos gastos correntes que se derivan do investimento financiado polo propio fondo.

## A conta financeira

O presuposto consolidado (Administración Xeral e mailos seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002 ascendeu a 7.197.165 miles de euros, un 6,5% superior ó do ano 2001, o que representa o 21,6% do VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 2.629,23 euros/habitante.

A estimación dos ingresos non financeiros no 2002 sitúase en 6.979.552 miles de euros, cunha variación respecto ó 2001 do 6,9%, mentres que a estimación dos gastos non financeiros ascende a 6.889.430 miles de euros, o que supón unha variación do 6,7% respecto ó 2001. O gasto en atencións financeiras acadou os 297.735 miles de euros. O aforro por operacións correntes acadou os 944.987 miles de euros, o que supón un 12,6% de incremento respecto ó exercicio anterior. O déficit por operacións de capital ascendeu a 864.865 miles de euros, o que representa un 10,8% de incremento sobre o exercicio anterior.

Igual que o ano anterior, estímase unha situación inicial de superávit non financeiro, que se cifra en 80.122 miles de euros, e sen endebedamento neto. Todo o endebedamento bruto (210.948 miles de euros) aplícase á amortización da débeda.

Os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 1.583.957 miles de euros, un 7,6% superior ó ano anterior, equivalente ó 4,7% do VEB galego a prezos básicos, prezos correntes (fonte: IGE).

A ratio de aforro neto (aforro por operacións correntes–endebedamento neto)/operacións de capital (gastos) pasa do 57% do exercicio anterior ó 59,6% en 2002, o que supón un incremento da cobertura das operacións de capital polo aforro neto.

A carga financeira da débeda pública nos presupostos de 2002 situouse en 364.161 miles de euros, 153.213 miles de euros de gastos financeiros e 210.948 miles de euros de amortización da débeda. A carga financeira que supuxo o 5,8% dos ingresos correntes presupostados, diminuíndo un 8,1% (32.141 miles de euros) respecto do ano anterior (**cadro C.4.1.** *Conta financeira da Comunidade Autónoma. 2001-02*).

En termos de caixa, os ingresos non financeiros da Administración Xeral acadaron, a 31 de decembro de 2002, os 6.938,2 millóns de euros, un 56% máis que o ano anterior. Os pagos non financeiros ascenderon a 6.883,9 millóns de euros, un 58% máis que o ano anterior.

## O presuposto da Administración Xeral

O **presuposto de ingresos** da Administración Xeral da Comunidade Autónoma estímase en 6.989.091 miles de euros, cun incremento nominal do 50,6% sobre o exercicio anterior, debido fundamentalmente a que, como consecuencia do novo sistema financeiro, inclúese no presuposto de ingresos da Administración Xeral o bloque de competencias en sanidade. Os ingresos non financeiros aumentan un 53,6% e os ingresos financeiros diminúen nun 6,1% respecto do ano anterior.

Dentro do capítulo dos ingresos por impostos directos, cómpre destacar que a estimación

CADRO 4.1.2.

***Fondo de Compensación Interterritorial 2001-02: capítulo VII do presuposto de gastos do Estado***

| | 2001 importe (en miles de €) | 2001 (%) | 2002 importe (en miles de €) | 2002 (%) |
|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 371.444 | 42,2 | 360.521 | 40,3 |
| **Asturias** | 32.486 | 3,7 | 37.578 | 4,2 |
| **Canarias** | 37.772 | 4,3 | 34.037 | 3,8 |
| **Cantabria** | 9.610 | 1,1 | 9.892 | 1,1 |
| **Castela-León** | 60.454 | 6,9 | 61.247 | 6,8 |
| **Castela A Mancha** | 61.678 | 7,0 | 68.117 | 7,6 |
| **C. Valenciana** | 55.486 | 6,3 | 56.930 | 6,4 |
| **Estremadura** | 74.927 | 8,5 | 73.315 | 8,2 |
| **Galicia** | 139.714 | 15,9 | 140.595 | 15,7 |
| **Murcia** | 37.296 | 4,2 | 38.635 | 4,3 |
| **Melilla** | - | - | 6.915 | 0,8 |
| **Ceuta** | - | - | 6.915 | 0,8 |
| **Total** | 880.867 | 100 | 894.697 | 100 |

Fonte: *Ministerio de Economía y Hacienda*

dos ingresos polo concepto de IRPF cedido acadan os 647.237 miles de euros, cun incremento do 99,6% (323.025 miles de euros) respecto do ano anterior, acadando o 25,3% sobre o total do capítulo dos tributos cedidos e o 9,3% do total dos ingresos.

Dentro do capítulo dos ingresos por transferencias correntes, salientan os ingresos polo concepto de Participación nos Ingresos do Estado (PIE), que acadan os 2.658.666 miles de euros, cun incremento do 26,9% (562.908 miles de euros) respecto ó ano anterior, o que supón o 76,4% sobre o total del capítulo de transferencias correntes e o 38% sobre o total dos ingresos. Dentro deste capítulo figuran 65.276 miles de euros correspondentes ó concepto de Fondo Social Europeo, cunha diminución do 1,4% (919 miles de euros) respecto ó ano anterior.

No capítulo de transferencias de capital cabe destaca-los 140.595 miles de euros do concepto do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), cun incremento do 0,6% (881 miles de euros) respecto ó ano anterior, o que representa o 15,7% da dotación total do FCI para o ano 2002, por debaixo da do ano 2001 (15,9%), debido á mellora relativa, por efecto poboación, de Galicia respecto ó Estado. O modelo vixente do FCI consta de cinco variables distributivas (porcentualmente ponderadas): poboación (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%), e de dúas variables redistributivas: VEB/hab. (20% sobre o resultado anterior) e insularidade (3,2% de adición a Canarias) (**cadro 4.1.2.**).

Neste capítulo inclúense as transferencias de capital dos Fondos Europeos, que, no ano 2002, evolucionaron do seguinte xeito:

- As transferencias estimadas do FEDER acadan os 169.429 miles de euros, un 2,1% (3.499 miles de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do FEOGA acadan os 168.585 miles de euros (57.698 miles de euros, na sección garantía e 102.099 miles de euros, na sección orientación e 8.788 miles de euros da sección orientación cedido polo Estado), un 2,1% (1.016 miles de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do IFOP acadan os 77.061 miles de euros, un 0,1% menos que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do Fondo de Cohesión acadan uns ingresos de 30.815 miles de euros, un 38,1% (8.509 miles de euros) máis que o ano anterior.

Os dereitos recoñecidos netos no presuposto de ingresos da Administración xeral, a 31 de decembro de 2002, acadaron os 7.222,3 millóns de euros, un 3,3% máis da previsión inicial e un 53,8% máis que no exercicio anterior.

O **presuposto de gastos** da Administración Xeral para 2002 ascendeu a 6.989.091 miles de euros, cun incremento nominal do 50,6%

CADRO 4.1.3.

***Presuposto de ingresos e gastos da Administración Xeral da C.A. 2001-02: distribución económica***

***Ingresos***

| Capítulos | 2001 | 2002 | 02/01 importe | 02/01 (%) | Valor relativo 2001 | Valor relativo 2002 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | | | |
| I Impostos directos | 447.419 | 800.603 | 353.184 | 78,9 | 9,6 | 11,5 |
| II Impostos indirectos | 245.634 | 1.700.475 | 1.454.841 | 592,3 | 5,3 | 24,3 |
| III Taxas, prezos e outros ingresos | 126.844 | 145.415 | 18.571 | 14,6 | 2,7 | 2,1 |
| IV Transferencias correntes | 2.963.100 | 3.480.032 | 516.932 | 17,4 | 63,9 | 49,8 |
| V Ingresos patrimoniais | 10.542 | 9.466 | -1.076 | -10,2 | 0,2 | 0,1 |
| Total Operacións Correntes | 3.793.538 | 6.135.990 | 2.342.452 | 61,7 | 81,7 | 87,8 |
| VI Alleamento de investimentos reais | 180,0 | 601,0 | 421 | 233,3 | - | - |
| VII Transferencias de capital | 615.918 | 635.542 | 19.624 | 3,2 | 13,3 | 9,1 |
| Total Ingresos non Financeiros | 4.409.636 | 6.772.133 | 2.362.497 | 53,6 | 95,0 | 96,9 |
| VIII Activos financeiros | 15.566 | 6.010 | -9.556 | -61,4 | 0,3 | 0,1 |
| IX Pasivos financeiros | 215.523 | 210.948 | -4.575 | -2,1 | 4,7 | 3,0 |
| Total Ingresos Financeiros | 231.089 | 216.958 | -14.132 | -6,1 | 5,0 | 3,1 |
| Total Operacións de Capital | 847.187 | 853.100 | 5.913 | 0,7 | 18,3 | 12,2 |
| Total | 4.640.725 | 6.989.091 | 2.348.366 | 50,6 | 100 | 100 |

***Gastos***

| Capítulos | 2001 | 2002 | 02/01 importe | 02/01 (%) | Valor relativo 2001 | Valor relativo 2002 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | | | |
| I Gastos de persoal | 1.307.140 | 385.360 | 78.220 | 6,0 | 28,2 | 19,8 |
| II Gastos en bens correntes e servicios | 279.616 | 288.003 | 8.387 | 3,0 | 6,0 | 4,1 |
| III Gastos financeiros | 182.903 | 155.161 | -27741 | -15,2 | 3,9 | 2,2 |
| IV Transferencias correntes | 1.303.453 | 3.429.739 | 2.126.286 | 163,1 | 28,1 | 49,1 |
| Total Operacións Correntes | 3.073.111 | 5.258.263 | 2.185.152 | 71,1 | 66,2 | 75,2 |
| VI Investimentos reais | 523.496 | 585.606 | 62.110 | 11,9 | 11,3 | 8,4 |
| VII Transferencias de capital | 756.026 | 850.490 | 94.464 | 12,5 | 16,3 | 12,2 |
| Total operacións non financeiras de capital | 1.279.522 | 1.436.096 | 156.574 | 12,2 | 27,6 | 20,6 |
| Total Gastos non Financeiros | 4.352.633 | 6.694.359 | 2.341.726 | 53,8 | 93,8 | 95,8 |
| VIII Activos financeiros | 72.569 | 83.784 | 11.215 | 15,5 | 1,6 | 1,2 |
| IX Pasivos financeiros | 215.523 | 210.948 | -4575 | -2,1 | 4,6 | 3,0 |
| Total operacións financeiras de capital | 288.092 | 294.732 | 6.640 | 2,3 | 6,2 | 4,2 |
| Total Gastos Financeiros | 288.092 | 294.732 | 6.640 | 2,3 | 6,2 | 4,2 |
| Total Operacións de Capital | 1.567.613 | 1.730.828 | 163.214 | 10,4 | 33,8 | 24,8 |
| Total | 4.640.725 | 6.989.091 | 2.348.366 | 50,6 | 100 | 100 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

(2.348.366 miles de euros) respecto ó exercicio anterior. O incremento das operacións correntes foi do 71,1% (2.185.152 miles de euros) e a medra das operacións non financeiras de capital foi do 12,2% (156.574 miles de euros), tal como reflicte a súa distribución económica no **cadro 4.1.3.**

Dentro das operacións non financeiras de capital, as transferencias de capital acadan os 850.490 miles de euros, un 12,5% máis que no exercicio anterior, e os investimentos reais acadan os 585.606 miles de euros, un 11,9% máis que no exercicio de 2001.

As obrigas recoñecidas, a 31 de decembro de 2002, acadaron os 7.150,3 millóns de euros, un 93,3% sobre o presuposto vixente a dita data (7.665,1 millóns de euros). As obrigas recoñecidas por operacións de capital acadaron os 1.376 millóns de euros, un 75% sobre o seu presuposto vixente a dita data (1.835 millóns de euros), 6 puntos menos que o ano anterior. As obrigas recoñecidas por transferencias correntes acadaron o 98,8% do seu presuposto.

As modificacións de crédito do exercicio acadaron os 676 millóns de euros (un 9,6% dos créditos iniciais), 3 puntos menos que no ano

## CADRO 4.1.4.

### *Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos administrativos 2002*

#### *Ingresos*

| | Capítulos | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Total |
| | *(en miles de €)* | | | | | | | | |
| **Escola Galega de Admón. Pública** | - | - | - | 2.536 | - | - | 61 | - | 2.597 |
| **Instituto Galego de Estatística** | - | - | - | 2.592 | - | - | 2.168 | - | 4.761 |
| **Augas de Galicia** | - | - | 9.676 | 2.639 | 180 | - | 67.129 | - | 79.624 |
| **Instituto Galego de Consumo** | - | - | 60 | 3.587 | 12 | - | 1.280 | - | 4.940 |
| **Servicio Galego de Saúde** | - | - | 29.621 | 2.158.874 | - | - | 16.626 | 625 | 2.205.747 |
| **Academia Galega de Seguridade** | - | - | - | 1.662 | - | - | - | - | 1.662 |
| **Serv. Galego Promoción Iguald. H-M** | - | - | - | 8.322 | - | - | - | - | 8.322 |
| **Total** | - | - | 39.357 | 2.180.213 | 192 | - | 87.264 | 625 | 2.307.652 |

#### *Gastos*

| | Capítulos | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Total |
| | *(en miles de €)* | | | | | | | | |
| **Escola Galega de Admón. Pública** | 759 | 1.650 | - | 127 | - | 61 | - | - | 2.597 |
| **Instituto Galego de Estatística** | 2.177 | 378 | - | 37 | - | 1.361 | 807 | - | 4.761 |
| **Augas de Galicia** | 3.881 | 1.042 | - | - | - | 8.238 | 66.463 | - | 79.624 |
| **Instituto Galego de Consumo** | 2.762 | 291 | - | 607 | - | 1.130 | 150 | - | 4.940 |
| **Servicio Galego de Saúde** | 935.911 | 518.414 | - | 674.928 | - | 74.756 | 1.112 | 625 | 2.205.747 |
| **Academia Galega de Seguridade** | 594 | 1.068 | - | - | - | - | - | - | 1.662 |
| **Serv. Galego Promoción Iguald. H-M** | 594 | 696 | - | 7.031 | - | - | - | - | 8.322 |
| **Total** | 946.678 | 523.540 | - | 682.730 | - | 85.546 | 68.533 | 625 | 2.307.652 |

Fonte: *Xunta*, *Presupostos xerais da C.A.*

## CADRO 4.1.5.

### *Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos comerciais, industriais, financeiros e análogos 2002*

#### *Ingresos*

| | Capítulos | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Total |
| | *(en miles de €)* | | | | | | | | |
| **Inst. Galego de Vivenda e Solo** | - | - | 841 | 7.743 | 808 | 67.534 | 65.761 | 30 | 142.717 |
| **Inst. Lacteo Gandeiro de Galicia** | - | - | - | 4.573 | 174 | - | 29.059 | - | 33.806 |
| **Inst. Galego de Artes Escenicas e Musicais** | - | - | - | 2.209 | 421 | - | 2.945 | - | 5.575 |
| **Total** | - | - | 841 | 14.524 | 1.403 | 67.534 | 97.764 | 30 | 182.097 |

#### *Gastos*

| | Capítulos | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Total |
| | *(en miles de €)* | | | | | | | | |
| **Inst. Galego de Vivenda e Solo** | 5.988 | 1.790 | 1.590 | - | - | 74.047 | 56.923 | 2.378 | 142.717 |
| **Inst. Lacteo Gandeiro de Galicia** | 3.836 | 730 | - | 180 | - | 2.885 | 26.174 | - | 33.806 |
| **Inst. Galego de Artes Escenicas e Musicais** | 1.409 | 622 | - | 177 | - | 3.366 | - | - | 5.575 |
| **Total** | 11.234 | 3.143 | 1.590 | 358 | - | 80.298 | 83.097 | 2.378 | 182.097 |

Fonte: *Xunta*, *Presupostos xerais da C.A.*

2001. Un 40% destas modificacións corresponderon a transferencias de capital, un 20%, a transferencias correntes e un 19%, a investimentos reais.

## O presuposto dos organismos autónomos

O presuposto dos organismos autónomos administrativos acada no ano 2002 os 2.307.652 miles de euros, un 6,3% máis que en 2001.

O devandito incremento é debido, fundamentalmente, ó Servicio Galego de Saúde, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2002 que ascendeu a 2.205.747 miles de euros, un 6,1% superior ás previsións iniciais do ano anterior. Augas de Galicia, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 2002 de 79.654 miles de euros, é o segundo organismo autónomo administrativo cun presuposto maior.

As operacións de capital dos organismos autónomos administrativos (capítulos VI e VII) acadaron o 6,6% (154.079 miles de euros) do total presupostado, cunha diminución de 43.528 miles de euros respecto ó ano anterior (**cadro 4.1.4.**).

O presuposto dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos acada os 182.097 miles de euros, un 21,9% menos que no ano anterior.

As operacións de capital dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos (caps. VI e VII) supuxeron o 89,7% (163.395 miles de euros) do total presupostado, cunha diminución de 52.032 miles de euros con respecto ó presuposto de 2001. Estes datos están reflectidos no **cadro 4.1.5.**

## O presuposto consolidado

A través do presuposto consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (fundamentalmente, capítulos IV e VII de gastos da Administración Xeral e capítulos IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 2.281.675 miles de euros.

O presuposto consolidado previsto para 2002 ascendeu a 7.197.165 miles de euros, cun incremento dun 6,5% (438.628 miles de euros) sobre os presupostos estimados inicialmente do ano anterior.

Os ingresos por operacións correntes (6.260.460 miles de euros) experimentaron un incremento de 424.987 miles de euros, un 7,3% superior ó exercicio anterior. Os ingresos polo total das operacións de capital (936.705 miles de euros) aumenta en 13.641 miles de euros, un 1,5% máis que o ano anterior. Este aumento correspóndese basicamente co aumento dos ingresos procedentes de transferencias de capital, que aumentan un 3% (18.716 miles de euros) (**cadro C.4.2.** *Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2001-2002: distribución económica*).

Os gastos por operacións correntes (5.315.473 miles de euros) medran un 6,4% (319.194 miles de euros). As transferencias correntes experimentan un crecemento do 13,8% (243.388 miles de euros) e acadan os 2.000.765 miles de euros. A desagregación orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias correntes aparece nos **cadros 4.1.7.**, **4.1.10.** e **4.1.11.**

Os gastos por operacións non financeiras de capital (1.583.957 miles de euros) aumentan, respecto o ano 2001, nun 7,6% (112.249 miles de euros) (**cadro C.4.2.-** *Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2001-2002: distribución económica*). Os investimentos reais diminúen respecto ó ano anterior un 4,7% (37.464 miles de euros) ata acada-los 751.450 miles de euros. As transferencias de capital medran un 21,9% (149.713 miles de euros), acadando os 832.507 miles de euros. A súa distribución orgánica, por actuacións previstas dos investimentos reais e a das transferencias de capital, aparece nos **cadros 4.1.8.**, **4.1.9.**, e **4.1.11.**

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante (90,5%) do presuposto consolidado repartiuse entre as

CADRO 4.1.6.

***Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2001-02: distribución funcional***

| Funcións | 2001 | 2002 | 02/01 importe | 02/01 (%) | Valor relativo 2001 | Valor relativo 2002 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | | | | |
| **1 Servicios de carácter xeral** | 155.683 | 160.370 | 4.687 | 3,0 | 2,3 | 2,2 |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma | 30.546 | 31.099 | 553 | 1,8 | 0,5 | 0,4 |
| 12 Administración Xeral | 117.115 | 126.894 | 9.779 | 8,3 | 1,7 | 1,8 |
| 13 Administración electoral e part. Políticos | 8.022 | 2.377 | -5.645 | - | 0,1 | 0,0 |
| **2 Seguridade, protección e promoción social** | 430.845 | 457.600 | 26.755 | 6,2 | 6,4 | 6,4 |
| 21 Seguridade Social e protec. Social | 241.222 | 258.571 | 17.349 | 7,2 | 3,6 | 3,6 |
| 23 Protección civil e seguridade | 10.431 | 11.451 | 1020 | 9,8 | 0,2 | 0,1 |
| 24 Promoción do emprego | 179.192 | 187.578 | 8.386 | 4,7 | 2,7 | 2,7 |
| **3 Producción de bens públicos de carácter social** | 4.149.894 | 4.419.449 | 269.555 | 6,5 | 61,4 | 61,4 |
| 31 Sanidade | 2.130.957 | 2.263.624 | 132.667 | 6,2 | 31,5 | 31,4 |
| 32 Educación | 1.518.161 | 1.595.246 | 77.085 | 5,1 | 22,5 | 22,2 |
| 33 Vivenda e urbanismo | 151.709 | 170.796 | 19.087 | 12,6 | 2,2 | 2,4 |
| 34 Benestar comunitario | 111.776 | 135.518 | 23.742 | 21,2 | 1,7 | 1,9 |
| 35 Cultura | 162.387 | 162.296 | -91 | -0,1 | 2,4 | 2,2 |
| 36 Outros servicios comunit. e sociais | 74.903 | 91.969 | 17066 | 22,8 | 1,1 | 1,3 |
| **4 Producción de bens públ. de carácter económico** | 371.315 | 442.770 | 71.455 | 19,2 | 5,5 | 6,2 |
| 41 Infraestruc.básicas e do transporte | 213.803 | 249.751 | 35.948 | 16,8 | 3,2 | 3,5 |
| 42 Outras infraestructuras | 103.439 | 124.766 | 21.327 | 20,6 | 1,5 | 1,7 |
| 43 Investigación científica, técnica e aplicada | 48.568 | 62.983 | 14.415 | 29,7 | 0,7 | 0,9 |
| 44 Información estatística básica | 5.505 | 5.270 | -235 | -4,3 | 0,1 | 0,1 |
| **5 Regulación económica de carácter xeral** | 125.864 | 111.181 | -14.683 | -11,7 | 1,9 | 1,5 |
| 51 Actuacións económicas xerais | 68.395 | 41.825 | -26.570 | -38,8 | 1,0 | 0,5 |
| 52 Comercio | 20.567 | 14.772 | -5.795 | -28,2 | 0,3 | 0,2 |
| 53 Actividades financeiras | 36.902 | 54.584 | 17.682 | 47,9 | 0,5 | 0,8 |
| **6 Reordenación industrial e desenvolv. empresarial** | 290.667 | 369.796 | 79.129 | 27,2 | 4,3 | 5,1 |
| 61 Agricultura, gandería e pesca | 182.672 | 254.565 | 71.893 | 39,4 | 2,7 | 3,5 |
| 62 Industria | 8.600 | 11.723 | 3.123 | 36,3 | 0,1 | 0,2 |
| 63 Enerxía | 20.771 | 18.511 | -2.260 | -10,9 | 0,3 | 0,3 |
| 64 Minería | 1.599 | 1.710 | 111 | 7,0 | 0,0 | 0,0 |
| 65 Turismo | 2.963 | 3.050 | 87 | 2,9 | 0,0 | 0,0 |
| 66 Industrialización e reordenación industrial | 73.612 | 78.584 | 4.972 | 6,8 | 1,1 | 1,1 |
| 67 Desenvolvemento empresarial | 451 | 1.653 | 1.202 | 266,7 | 0,0 | 0,0 |
| **7 Plan de crecemento e emprego** | 260.785 | 226.123 | -34.662 | -13,3 | 3,9 | 3,1 |
| 71 Complexo agro-gandeiro | 95.765 | 41.905 | -53.860 | -56,2 | 1,4 | 0,6 |
| 72 Complexo mar-industria | 94.275 | 94.873 | 598 | 0,6 | 1,4 | 1,3 |
| 73 Complexo silvicultura-madeira | 16.528 | 17.977 | 1.449 | 8,8 | 0,2 | 0,2 |
| 74 Complexos prioritarios do sector industrial | 13.986 | 15.735 | 1.749 | 12,5 | 0,2 | 0,2 |
| 75 Complexo turismo, loxística e servicios a empresas | 40.232 | 55.633 | 15.401 | 38,3 | 0,6 | 0,8 |
| **8 Transferencia a entidades locais** | 577.182 | 645.715 | 68.533 | 11,9 | 8,5 | 9,0 |
| 81 Transferencias a entidades locais | 577.182 | 645.715 | 68.533 | 11,9 | 8,5 | 9,0 |
| **9 Débeda pública** | 396.301 | 364.161 | -32.140 | -8,1 | 5,9 | 5,1 |
| 91 Débeda pública | 396.301 | 364.161 | -32.140 | -8,1 | 5,9 | 5,1 |
| **Total** | 6.758.537 | 7.197.165 | 438.628 | 6,5 | 100 | 100 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

